

SÁBADO 6 DE FEBREIRO

Cea-baile de entroido

ás 22:00h no restaurante Casa Santiago,

menú: sopa, lacón con grelos, patacas, cacheira, orellas e filloas, viño, café e licores.

Socios 22,50 € por persoa. Non socios 30 € por persoa. Prazo para anotarse ata o 3 de febreiro.

Aconséllase acudir con disface, gustaríanos que todos estivésemos disfrazados!!!!

SÁBADO 13 DE FEBREIRO

- De 16:30 a 17:00h, inscrición para a corrida da rosca ou con anterioridade no telf. 686 870 918.
- De 17:00 a 18:00h, **GRAN CORRIDA DA ROSCA**, este concurso consiste en carreiras para acadar a rosca, celébrase por segundo ano para recuperar o antigo entroido de Campañó, do que temos novas ata o ano 1914 aproximadamente. Para participar é indispensable estar disfrazado. Habará 5 categorías diferentes de carreiras segundo as idades:

1º categoría.....de 3 a 5 anos incluídos. O gañador terá premio.

2º categoría.....de 6 a 8 anos incluídos. O gañador terá premio.

3º categoría.....de 9 a 11 anos incluídos. O gañador terá premio.

4º categoría.....de 12 a 14 anos incluídos. O gañador terá premio.

5º categoría.....de 15 a 100 anos incluídos. Os tres primeiros terán premio.

Os participantes deberán asinar as bases que se lle presentarán o día da carreira, e que están a disposición de quen as queira comprobar.

Os premios consistirán en riquísimas rosas de pan, con ovos e recheas de chourizos, seguindo a tradición deste vello entroido.

Anímate e participa!!! Inscrición libre e gratuíta!!!

- De 18:00 a 18:30h, merenda para todos.
- De 18:00 a 20:30h, **GRAN BAILE-CONCURSO** de disfraces INFANTIL con DJ de animación infantil e monitores para animar os asistentes.

Terán premio os tres mellores disfraces.

- As 23:30h, **GRAN BAILE-CONCURSO** de disfraces, animado por 3.COM, teremos música e diversión garantida.

Con premios para os mellores disfraces!!!!!!!

Os socios poderán entrar co carné e con catro invitados.

BARRA LIBRE (bebe con moderación).

Organiza a ANPA San Pedro e a A.C.D. Campañó

